



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES DE FENE

CURSO: 1º BACHARELATO

MATERIA: TIC I

DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA

• **Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución**

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
1ª Avaliación:	
TIC1B1.1.1. Describe as diferenzas entre o que se considera sociedade da información e sociedade do coñecemento	Enumera diferenzas entre a sociedade da información e do coñecemento. Coñece e aplica estratexias de busca de información a partir de un buscador convencional e directorios de busca. Coñece e aplica os criterios básicos para analizar a información contida en páxinas web. Fai referencias de información contida nunha páxina web
TIC1B1.1.2. Explica cales son os novos sectores económicos que apareceron como consecuencia da xeneralización das tecnoloxías da información e da comunicación	Coñece e enumera aplicacións das TIC en sectores diversos da sociedade.
TIC1B2.1.1. Describe as características dos subsistemas que compoñen un computador, identificando os seus principais parámetros de funcionamento	Coñece as características dos subsistemas e elementos que compoñen un ordenador, identifica os diferentes parámetros que os definen e sabe como interconectalos para que o sistema funcione correctamente.
TIC1B2.1.2. Realiza esquemas de interconexión dos bloques funcionais dun computador e describe a contribución de cada un ao funcionamento integral do sistem	
TIC1B2.1.3. Describe dispositivos de almacenamento masivo utilizados en sistemas de computadoras, recoñecendo a súa importancia na custodia da información	Coñece as características dos diferentes tipos de dispositivos de almacenamento para gardar información
TIC1B2.1.4. Describe os tipos de memoria utilizados en computadores, analizando os parámetros que as definen e a súa achega ao rendemento do conxunto.	Coñece os diferentes tipos de memoria presentes nun sistema informático, así como as características que as definen.
TIC1B2.2.1. Elabora un diagrama da estrutura dun sistema operativo relacionando cada parte coa súa función	Coñece a estrutura dun sistema operativo e as funcións de cada unha das súas partes
TIC1B2.2.2. Instala sistemas operativos e programas de aplicación para a resolución de problemas en computadoras persoais, seguindo instrucións de fábrica.	Coñece diferentes tipos de aplicacións libres e de propietario. Coñece diferentes xeitos de instalar programas de aplicacións libres
2ª Avaliación	
TIC1B3.1.2. Elabora informes de texto que integren texto e imaxes, aplicando as posibilidades da aplicación e tendo en conta o destinatario.	Elabora documentos de texto empregando as ferramentas da aplicación para que estean perfectamente formatados, evitando a “lixo tipográfico”. Estes documentos integrarán texto, táboas, imaxes e serán gradados nun formato axeitado en función do destinatario.
TIC1B3.1.4. Resolve problemas que requiran a utilización de follas de cálculo, xerando resultados textuais, numéricos e gráficos	Resolve problemas empregando as ferramentas dunha folla de cálculo como gráficas, fórmulas e funcións. Mostra os resultados utilizando datos numéricos e gráficos
TIC1B3.1.1. Deseña bases de datos sinxelas e extrae información realizando consultas, formularios e informes	Deseña unha base de datos na que utilice diferentes tipos de datos, realice consultas, informes e un formulario desde o que sexa capaz de mostrar os datos contidos así como inserir outros novos.
TIC1B3.1.5. Deseña elementos gráficos en 2D e 3D para comunicar ideas.	Edita e retoca imaxes de mapas de bits utilizando ferramentas para redimensionalas, modificar a cor e outros efectos. Coñece o traballo por capas para obter diferentes efectos. Garda e exporta a imaxe a diferentes formatos

	segundo a función final da imaxe Crea deseños e logotipos mediante un programa de deseño de imaxes vectoriais. Garda e exporta en diferentes formatos segundo a finalidade.
TIC1B3.1.3. Elabora presentacións que integren texto, imaxes e elementos multimedia, adecuando a mensaxe ao público ao que se destina.	Emprega as ferramentas básicas dun programa de elaboración de presentacións multimedia integrando diferentes tipos de elementos. Emprega linguaxe e elementos axeitados ao tema que está a tratar
TIC1B3.1.6. Realiza pequenas películas integrando son, vídeo e imaxes, utilizando un programa de edición de ficheiros multimedia.	Emprega as ferramentas básicas dun programa de edición de vídeo para crear unha pequena película. Emprega linguaxe e elementos axeitados ao tema que está a tratar
3ª Avaliación:	
TIC1B5.1.1. Desenvolve algoritmos que permitan resolver problemas aritméticos sinxelos, elaborando os correspondentes diagramas de fluxo	Escribe algoritmos que permitan resolver problemas concretos: comparar números, indicar se son pares/impares,... Elaborar os correspondentes diagramas de fluxo
TIC1B5.2.1. Escribe programas que inclúan bucles de programación para solucionar problemas que impliquen a división dun conxunto en partes máis pequenas.	Escribe algoritmos e os diagramas de fluxo correspondentes, que inclúan bucles, para resolver problemas sinxelos, empregando correctamente a sintaxe de estruturas como while ou for
TIC1B5.4.1. Define o que se entende por sintaxe dunha linguaxe de programación e propón exemplos concretos dunha linguaxe determinada.	Coñece e emprega correctamente as estruturas básicas das linguaxes de programación.
TIC1B5.5.1. Realiza programas de aplicación sinxelos nunha linguaxe determinada que solucionen problemas da vida real	Utiliza o entorno de programación Scratch para crear un programa sinxelo que involucre diferentes elementos (obxectos, disfraces, funcións, sensores,...). Emprega C++ para crear un programa sinxelo
TIC1B4.1.1. Debuxa esquemas de configuración de pequenas redes locais, seleccionando as tecnoloxías en función do espazo físico dispoñible.	Coñece as características dos distintos tipos de redes de comunicación e realiza esquemas da configuración das mesmas
TIC1B4.2.1. Realiza unha análise comparativa entre os tipos de cables utilizados en redes de dato	Coñece e explica as características dos tipos de cableado utilizado na interconexión de ordenadores dentro dunha rede
TIC1B4.2.2. Realiza unha análise comparativa entre tecnoloxía con fíos e sen eles, e indica posibles vantaxes e inconvenientes	Coñece e explica as vantaxes e inconvenientes das redes con e sen fíos
TIC1B4.2.3. Explica a funcionalidade dos elementos que permiten configurar redes de datos, indicando as súas vantaxes e os seus inconvenientes principais	Coñece e explica as características dos dispositivos necesarios para configurar una rede, determinando as vantaxes e inconvenientes de empregar uns ou outros
TIC1B4.3.1. Elabora un esquema de como se realiza a comunicación entre os niveis OSI de dous equipos remotos	Coñece e describe o modelo de referencia OSI para a comunicación entre redes. Coñece o protocolo TCP/IP así como o significado das direccións IP e os seus parámetros

- **Criterios de cualificación**

- A cualificación obtense das probas (exames ou test) e os traballos prácticos que se fagan o longo do curso.
- O porcentaxe numérico de cada unha das partes será o seguinte:
 - Exames (40%)
 - Traballos propostos na aula virtual moodle de TIC (60 %)
- No caso de que algún dos apartados anteriores non sexan avaliados, a porcentaxe destinada a ese apartado irá a parar ao outro.
- No caso de que o alumno entregue un traballo total ou parcialmente idéntico a outro será motivo para obter unha cualificación negativa na avaliación.
- No caso de obter cualificación negativa nunha avaliación o alumno terá a opción de repetir aqueles traballos cualificados negativamente.
- A nota da avaliación ordinaria será a media das tres avaliacións.
- O alumnado que non aprobe a materia na avaliación ordinaria deberá realizar correctamente e entregar aquelas tarefas con cualificación negativa a fin de superala na avaliación extraordinaria.

- **Escenario de semipresencialidade ou non presencialidade**

As actividades propostas ao alumnado terán unha porcentaxe na nota do 70%, e os cuestionarios ou exames propostos un 30%.